2	***3032***	Outras actividades sanitarias	12 meses	675,00 €	8.100,00 €

4.- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS POLO USO DAS INSTALACIÓNS DO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ DURANTE A TEMPORADA 2019-2020.- O Servizo de Deportes da Deputación Provincial de Ourense elaborou as bases e convocatoria da concesión de bonificación a entidades deportivas polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz durante a temporada 2019-2020.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada**,** a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as referidas bases, consonte coas seguintes cláusulas:

1ª. OBXECTO

O obxecto destas bases é regular a concesión de bonificacións a entidades polo uso das instalacións do Pazo dos Deportes Paco Paz na temporada 2019-2020.

De conformidade co establecido na Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz *(BOP núm. 171 de data 27.07.2018)*, e segundo o dispón o seu artigo 5, a Xunta de Goberno poderá conceder bonificacións nas tarifas por utilización do pavillón auxiliar e o pavillón principal, tras a solicitude previa dos interesados, cando concorran as seguintes circunstancias: Que a actividade para a que se van a utilizar as instalacións teña un claro carácter de interese público, social, cultural ou deportivo, non podendo tratarse, en ningún caso, dunha actividade susceptible de reportarlle un beneficio económico ao solicitante. O carácter de interese público, social,

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

cultural ou deportivo, virá ponderado polas circunstancias alí previstas, que servirán de criterios de valoración para a concesión da porcentaxe das bonificacións correspondentes.

2ª. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios aquelas entidades deportivas, culturais ou recreativas que fagan uso do Pazo dos Deportes durante a temporada 2019-2020.

3ª. LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes, subscritas pola persoa representante da entidade, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade, ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presentación no Rexistro Xeral da Deputación poderá realizarse por calquera dos seguintes medios:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na oficina de asistencia ao cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial ou nas oficinas de asistencia de calquera outra administración publica.

b) De forma telemática, a través do rexistro xeral da sede electrónica da Deputación Provincial (http://www.depourense.es/index.php/es/sede-electronica-es)

4ª. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación, para aquelas entidades que fagan uso das instalacións durante toda a temporada deportiva, iniciarase a partir da publicación da convocatoria regulada nestas bases no BOP de Ourense, e rematará o 30.11.2019, sendo este o último día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

Para actividades puntuais e extraordinarias as solicitudes oficiais deberán presentarse como mínimo cunha semana de antelación á celebración do evento, ao longo da temporada deportiva, con data límite en todo caso do 01.08.2020.

5ª. DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

As solicitudes, en modelo oficial, están a disposición de todos os interesados na páxina web do Pazo dos Deportes, www.pazopacopaz.es, ou nas oficinas da instalación. Coa indicada solicitude deberán acompañar a información necesaria para valorar adecuadamente os criterios que se indican a continuación.

6ª. CRITERIOS DE VALORACIÓN E PORCENTAXE DAS BONIFICACIÓNS

Valoraranse os criterios referidos con detalle no artigo 5º da Ordenanza reguladora dos prezos públicos pola prestación de servizos e a realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz, e que son os seguintes:

- Categoría deportiva dos deportistas para os cales solicita a bonificación e categoría da competición. Puntuarase máis alta a presenza de máis equipos e deportistas de base, de mulleres, e a presenza de colectivos desfavorecidos. Tamén se outorgará unha puntuación máis alta canto máis importante sexa a categoría da competición (de 0 a 20 puntos).

- Condicionantes económicos da entidade provenientes da análise do seu orzamento ou liquidación de gastos e ingresos, dando maior puntuación canto máis racional sexa e canto máis contribución exista de fondos propios e axudas privadas (de 0 a 15 puntos).

- Cando se trate de solicitude para uso de instalación ao longo da temporada deportiva, valoraranse os anos de antigüidade utilizando o Pazo dos Deportes, dando máis puntos canto máis antiga sexa a súa presenza na instalación (de 0 a 5 puntos).

- Cando se trate de actividade puntual, ademais valorarase a idoneidade e especial consideración a tal fin, do Pazo dos Deportes, dando máis puntos canto máis adecuada sexa a instalación para a actividade de que se trate (de 0 a 5 puntos).

- Outras especiais circunstancias, razoadas de maneira motivada, que redunden en beneficio do Pazo dos Deportes e dos seus usuarios, ou que supoñan un claro interese público ou social da actividade (de 0 a 5 puntos).

A porcentaxe de bonificación sobre a cota do prezo público, calcularase do seguinte xeito:

- De 35 a 50 puntos..... 100 % de bonificación
- De 25 a 35 puntos..... 90 % de bonificación

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

- De 20 a 24 puntos..... 75 % de bonificación
- De 15 a 19 puntos.....60 % de bonificación
- De 10 a 14 puntos..... 45 % de bonificación
- De 6 a 9 puntos..... 30 % de bonificación
- De 3 a 5 puntos..... 20% de bonificación
- Menos de 3 puntos..... 0% de bonificación

7ª. RESOLUCIÓN

Tras os informes técnicos previos oportunos, a Xunta de Goberno graduará a porcentaxe da bonificación que conceda en función dos criterios de valoración indicados anteriormente e acreditados polo solicitante, podendo acadar con carácter extraordinario o 100% das tarifas establecidas.

2º.- Aprobar a convocatoria da concesión de bonificación regulada nas devanditas bases, ordenando a inserción do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

5.- RATIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DIVERSOS CONCELLOS DA PROVINCIA, PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS MUNICIPAIS.- Coa finalidade de simplificar a tramitación de diversas subvencións nominativas previstas nos orzamentos da Deputación Provincial a favor dos concellos da provincia, por parte da Presidencia procedeuse á negociación e subscrición de convenios de colaboración cos concellos interesados.

Nos ditos convenios acórdase que a contratación das obras subvencionadas pola Deputación se realice pola propia Deputación Provincial, o que permite simplificar enormemente a tramitación e xustificación da subvención, correspondéndolles ós concellos a posta a disposición dos terreos, a redacción do proxecto, a súa dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde, así como a aprobación do proxecto e a obtención, se é o caso, das autorizacións sectoriais que sexan necesarias.

En definitiva, a fórmula establecida con estes convenios permite axilizar o proceso de execución das obras, descargando ademais ós concellos da xestión da súa contratación e execución e garantindo o correcto uso dos fondos concedidos.

En todo caso, os ditos convenios teñen por obxecto a concesión dunha subvención nominativa (xa que as obras seguen sendo municipais, aínda que se contraten pola Deputación). De conformidade co artigo 2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

Provincial de Ourense (BOP do 12 de novembro de 2015), a concesión de subvencións por parte da Deputación correspóndelle ordinariamente á Xunta de Goberno.

Polo exposto, e por considerar necesario proceder á ratificación dos distintos convenios de colaboración asinados a **Xunta de Goberno**, adopta o seguinte **acordo**:

- Ratificar os convenios de colaboración entre a Deputación Provincial e os concellos que se indican, concedéndolles ós referidos concellos as subvencións nominativas polos importes e para a finalidade que se sinalan:

Beneficiario	Finalidade	Data subscrición convenio	Importe
Cenlle	Parque infantil	2/01/2019	15.000,00 €
Cortegada	Pista refoxos	2/01/2019	48.000,00 €
Cortegada	Centro Social Meréns	2/01/2019	48.000,00 €
Cortegada	Mellora vías municipais	2/01/2019	48.000,00 €
O Irixo	Pavimentación rede viaria municipal	2/01/2019	48.000,00 €
Larouco	Arranxo piscina municipal	2/01/2019	30.000,00 €
Leiro	Estabilización de terraplenes en Lebosende e Berán	2/01/2019	22.834,44 €
Leiro	"Mellora rúa Casanova"	22/08/2019	80.000,00 €
Monterrei	Mellora abastecemento en Villaza	2/01/2019	40.000,00 €
Paderne de Allariz	Asfaltado vías municipais	2/01/2019	35.000,00 €
Paderne de Allariz	Bocas de riego en diversos pobos	2/01/2019	37.000,00 €
Paderne de Allariz	"Instalación de Céspede artificial e peche no campo de fútbol de A Torre"	2/01/2019	328.000,00 €
Padrenda	Saneamento en Pardellas	2/01/2019	48.000,00 €
Padrenda	Saneamento Condado,Saa e mellora do acceso en Freans e Pardellas	2/01/2019	48.000,00 €
Padrenda	"Reposición de accesos en Ameán e O Condado"	09/05/2019	48.000,00 €
Petín	Rúa Santiago	2/01/2019	48.000,00 €
A Pobra de Trives	"Primeira Fase Reforma Piscinas Municipais"	06/02/2019	150.000,00 €
Quintela de Leirado	Pavimentación acceso a Leirado	2/01/2019	48.000,00 €
Quintela de Leirado	Pavimentación en Quintela , Fondóns e Cabanelas	2/01/2019	25.000,00 €
Rubiá	Mellora ampliación da estrada de Pardollán	2/01/2019	48.000,00 €
San Cibrao das Viñas	"Instalación de herba artificial no campo de fútbol de Soutopenedo"	2/01/2019	308.882,49 €
San Xoán de Río	Depuración de augas en San Miguel	2/01/2019	36.000,00 €

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN OURENSE

Beneficiario	Finalidade	Data subscrición convenio	Importe
Xinzo de Limia	Beirarrúas	2/01/2019	40.000,00 €
Xinzo de Limia	Zona deportiva "Alameda de Toural	2/01/2019	35.000,00 €

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS E PERITOS AGRÍCOLAS DE OURENSE.- No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/489.00 unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense, para gastos de funcionamento 2019.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Aproba-la concesión dunha subvención ó Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2019.

-Xustificación: A subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada polo importe concedido, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-**Prazo xustificación:** ata o 29 de novembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONSERVATORIO DE MÚSICA DE OURENSE.- No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.12 unha subvención nominativa,

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

por importe de 11.000,00 euros, a favor do Conservatorio de Música de Ourense, para actividades diversas e adquisición de material.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Aproba-la concesión dunha subvención ó Conservatorio de Música de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 10.504,97 €.

-Obxecto: Actividades diversas e adquisición de material

-Xustificación: A subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (10.504,97 euros). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 29 de novembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ESCUDERÍA LUÍNTRA.- No Pleno, con data 29 de marzo de 2019, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2019 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2019, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 341.11/482.06 unha subvención nominativa, por importe de 32.000 euros, a favor da Escudería Luíntra, para Ralli 2017-2018-2019.

A Sección de Subvencións comprobou que a solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos.

Polo exposto, unha vez concluída a instrución do expediente pola Sección de Subvencións, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

Aproba-la concesión dunha subvención á Escudería Luíntra, nos seguintes termos:

-Importe: 32.000 €.

-Obxecto: Ralli 2017-2018-2019.

-Xustificación: A subvención xustificarase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, e as certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica de Galicia e coa Seguridade Social.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada nos orzamentos que serviron de base para a valoración da subvención (81.191,70 euros correspondentes ao 2017, 82.791,83 euros correspondentes ao ano 2018, e 82.860 euros correspondentes ao ano

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

2019). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-**Prazo xustificación:** ata o 10 de decembro de 2019.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de concesión.

9.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon**.**

E, ás dez horas e quince minutos, do referenciado día dezaoito de outubro do ano dous mil dezanove, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es

DEPUTACIÓN
OURENSE

O Secretario Xeral
Documento asinado electrónicamente
mediante actuación administrativa
automatizada.
21/10/2019

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 12435061305064673543 en https://sede.depourense.es